

Pikor Teatro Qmeto



martes 28 abril. campaña escolar

Autor: Peru C. Saban, Rodrigo García e Pikor

Elenco: Iraitz Lizárraga, Alex Antúnez, Gorka Martín, Aitziber Vieites.

Dirección: Miguel Olmeda Freire. **Público:** Xuvenil.

Abordamos o problema (real ou ficticio) do alarmante aumento da violencia xuvenil, en xeral, así como deternos en particular a analizar a natureza do chamado acoso escolar. Queremos expor o debate entre os mozos sobre a sociedade "violenta" que nos tocou vivir e sobre o indubidable interese de poder gozar doutra onde a convivencia sexa máis solidaria e tolerante.

Organiza: **Concellería de Servizos Sociais e Igualdade**

CINECLUBGROUCHOMARX

cineclubgrouchomarx.blogspot.com



As xornadas
gastronómicas
do cine club

xoves 2 . 20h30 e 22h30. DIETA MEDITERRÁNEA

mércoles 8 . 20h30 e 22h30. ESTÓMAGO

xoves 23 . 20h30 e 22h30. CUS CÚS



TEATRO MUNICIPAL LAURO OLMO

abril 2009

www.concellodobarco.org



Centro Dramático Galego As dunas venres 17 abril. 21h

Autor: Manuel Lourenzo. **Dirección:** Quico Cadaval

Elenco: Paula Buján López, Evaristo Calvo, Paulo Oliveira, Manolo Cortés, Susana Dans, Christian Escuredo, "Mos", Iria Pinheiro, Rodrigo Roel e Davide Salvado.

Público: Adulto. **Duración:** 90 min.

Nunha nave industrial en desuso, na Mariña luguesa, son convocados polo construtor Florencio Pardo, a gobernanta Lola, o intendente Serapio, o empregado Calí Caiate e unha tropa estafalaria de músicos, bailaríns e cantantes para animar a inauguración do free spa "As dunas", un moderno balneario musical que terá como destinatarios a "amantes de praceres prolongados" e integrará actividades que van dende o relax ao goce musical pasando por "todo tipo de refinados praceres do corpo".

Para rexentar este gran complexo turístico-musical, o empresario contrata unha antiga noiva da xuventude, Lola, muller entrada en carnes, disposta e realista, que ademais lle segue querendo. A moza é moi hábil para controlar a Pardo, para rexentar o local e para se entender cos músicos. Coa chegada destes á nave, asistimos á presentación das súas vidas, das súas esperanzas, frustracións, soños e angustias. Así, sabemos dos amores homosexuais entre Serapio (home xa maduro e descrido) e Milo (mozo depresivo, pusilánime e torturado); das dotes musicais e amorosas do inmigrante Calí Caiate (caboverdiano residente en Burela, ou burelao con orixes caboverdianas); e das relacións de amor e celos entre Cristian, Eva, Melo, Lucinda e Helio, personaxes que se moven entre a esperanza nun futuro incerto e a prosaica realidade.



CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS
Concellaría de Cultura



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



AGADIC
Axencia Galega das
Industrias Culturais



caixanova



Teatro de Ningures Bailadela da morte ditosa

venres 24 abril. 21h

Autor: Roberto Vidal Bolaño.

Dirección: Etelvino Vázquez.

Elenco: Fran Paredes, Sonia Rúa, Mónica Caamaño, Pepa Barreiro, Santiago Cortegoso, Salvador del Río, Casilda García.

Público: Adulto. **Duración:** 100 min.

Bailadela da morte ditosa preséntanos seis encontros coa morte noutros tantos cadros. Encontros procurados sempre polos personaxes e por diferentes motivos: adiantar a propia morte para fuxir do sufrimento, achegarse a ela para matar a soidade ou o fracaso, abrazala para alimentar outra vida ou acabar nos seus brazos como remate natural dun camiño xa andado. E Roberto Vidal Bolaño píntanos eses cadros coas súas pinceladas características: unha linguaxe áxil e poderosa, uns personaxes trazados con gran profundidade e un achegamento ao tema -a morte buscada, a "ditosa"- sen estridencias, con gran naturalidade, como sempre se tratou na nosa cultura e desde o noso imaxinario. Malia o seu título, as bailadelas da morte ditosa son un canto á vida: á vida digna, ao amor, á liberdade.

Despois de máis de 20 anos de actividade teatral profesional, **Teatro de Ningures** (fundada en 1986) reúne unha serie de recursos humanos, técnicos e materiais que fan desta compañía unha das máis estables de Galicia e un punto de encontro imprescindible para os profesionais do sur do país, así como unha referencia no panorama teatral galego. Ao longo desta traxectoria levaron aos escenarios 22 montaxes teatrais, tanto de autores clásicos como contemporáneos, de autores galegos ou estranxeiros, así como versións/adaptacións de novelas, contribuíndo deste xeito ao enriquecemento do teatro galego. Estivo presente desde a súa fundación na maioría dos concellos galegos por medio da rede de teatros e dos circuitos teatrais ou en campañas de captación de público escolar, así como en numerosos festivais e xornadas teatrais de Galicia e do resto de España e Portugal.



Bambalinas Asesinas Maté a un tipo

sábado 25 abril. 21h

Autor: Daniel Dalmaroni. **Dirección:** Juan Codina

Elenco: Sergio Pazos, Tonino, Aisha Wizuete y Anaís Yebra

Público: Adulto. **Duración:** 60 min.

Dados os tempos que corren calquera pode converterse nun asasino en serie. A afirmación é do actor e, agora tamén, produtor Sergio Pazos. E esa, ao parecer é a esencia de **Maté a un tipo**, unha obra do autor arxentino Daniel Dalmaroni; unha comedia negra de toques surrealistas onde as risas están garantidas.

Maté a un tipo é unha comedia negra que se converte en drama surrealista ata que un psicólogo empeza a profundar nas relacións da familia de clase media protagonista, onde o hábito de matar acaba por converterse nun auténtico vicio. Baixo esta premisa, Sergio Pazos, Tonino, Aisha Wizuete e Anaís Yebra, baixo a batuta de Juan Codina, sóbense o sábado 25 de abril ao escenario do Tiyeratro Lauro Olmo. Unha representación patrocinada por Caixanova que durante dous anos percorrerá non só a xeografía española senón tamén Arxentina e Chile.

Para Sergio Pazos, actor e produtor ourensán "**Maté a un tipo** é unha pequena canallada, un exercicio para rimos de nós mesmos e ver ata que punto calquera de nós podería converterse nun asasino en serie en situacións de presión que se xeran nunha sociedade na que non somos felices".

Maté a un tipo é unha produción de **Bambalinas Asesinas**, unha compañía en formación que nace do desexo de promover a difusión en España de dramaturgos e directores de escena españois e latinoamericanos contemporáneos.



Berrobambán Bicharada

xoves 30 abril. 20h

Autor: Berrobambán. **Dirección:** Evaristo Calvo

Elenco: Paula Carballeira, Chiqui Pereita, Manolo Panforreiteiro.

Público: Infantil, a partir de 3 anos. **Duración:** 60 min.

Unha araña e unha formiga viven tranquilas na paz do seu recuncho. Até que un día aparece un animal misterioso un escaravello!

BICHARADA, un equipo de bichos de excepción

Desde a primeira luz o público –nenas e nenos, grandes e pequenos- entra no mundo de Bicharada descubrindo e disfrutando do fantástico traballo que conseguiu vertebrar o equipo de Bicharada. A escenografía, o vestuario, a iluminación todo vai encamiñado a entrar e sentir esta historia tan máxica como simple, tan sincera como divertida, tan imaxinaria como real.

Bicharada na traxectoria de Berrobambán: da es

Se cada espectáculo dunha compañía é unha porta que se abre no momento único e irrepitible da representación, a novena porta de Berrobambán garda un mundo que nos sorprende e nos engancha desde que a luz ilumina o escenario.

Desde o ano 2000 oito espectáculos levaron a Berrobambán de Seoul a Canadá, do territorio mudo ao musical, do texto contemporáneo ao clown, do público adulto ao familiar. Para este último tipo de público, Berrobambán coordinou "Circo-Lar" dentro da oferta cultural de "A Cultura Circula" e foi encargada de organizar e coordinar a primeira programación estable de teatro familiar en Galiza: "Asteroide B-612". O último proxecto da compañía ata o momento foi a posta en escena do Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil: "Boas Noites" de Paula Carballeira.

Berrobambán caracterízase por querer ser unha compañía que non cesa de explorar e arriscar nas súas propostas, un proxecto artístico que se consolida como un dos máis estables e internacionais do panorama teatral galego.